



Proxecto de Orde pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia

Índice

CAPÍTULO I	4
DISPOSICIÓN XERAIS	4
Artigo 1. <i>Obxecto</i>	4
Artigo 2. <i>Ámbito de aplicación</i>	4
CAPÍTULO II	4
ORGANIZACIÓN	4
Artigo 3. <i>Organización xeral</i>	4
Artigo 4. <i>Oferta de materias no centro</i>	5
Artigo 5. <i>Agrupación de materias en ámbitos</i>	6
Artigo 6. <i>Exención da Segunda Lingua Estranxeira</i>	7
Artigo 7. <i>Materias e ámbitos pendentes</i>	7
Artigo 8. <i>Validación e exención de materias</i>	8
Artigo 9. <i>Titoría e orientación</i>	9
Artigo 10. <i>Programa de diversificación curricular</i>	9
CAPÍTULO III	11
DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO	11
Artigo 11. <i>Autonomía do centro</i>	12
Artigo 12. <i>Concreción curricular</i>	12
Artigo 13. <i>Programacións didácticas</i>	12
Artigo 14. <i>Métodos pedagóxicos</i>	13
Artigo 15. <i>Plans educativos</i>	14
Artigo 16. <i>O plan de lectura</i>	15
Artigo 17. <i>O plan de biblioteca</i>	15
Artigo 18. <i>O plan dixital</i>	16
Artigo 19. <i>O plan de actividades físicas e hábitos saudables</i>	16
Artigo 20. <i>A concreción anual dos plans educativos</i>	16
CAPÍTULO IV	17
AVALIACIÓN E PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN	17
Sección 1ª. Avaliación	17
Artigo 21. <i>Carácter da avaliación</i>	17
Artigo 22. <i>Avaliación das competencias clave</i>	18



Artigo 23. <i>Sesións de avaliación</i>	18
Artigo 24. <i>Avaliación inicial</i>	19
Artigo 25. <i>Avaliacións parciais</i>	20
Artigo 26. <i>Avaliación final</i>	20
Artigo 27. <i>Cualificacións</i>	21
Artigo 28. <i>Promoción</i>	21
Artigo 29. <i>Titulación</i>	22
Artigo 30. <i>Probas ou actividades personalizadas extraordinarias</i>	23
Artigo 31. <i>Matrícula de honra</i>	24
Artigo 32. <i>Avaliación de diagnóstico</i>	24
Artigo 33. <i>Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente</i>	25
Artigo 34. <i>Consello orientador</i>	25
Artigo 35. <i>Información da avaliación</i>	26
Artigo 36. <i>Documentos e informes de avaliación</i>	26
Sección 2ª. Procedemento de revisión e reclamación	27
Artigo 37. <i>Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva</i>	27
Artigo 38. <i>Solicitud de revisión no centro</i>	27
Artigo 39. <i>Procedemento de revisión de cualificacións finais</i>	28
Artigo 40. <i>Procedemento de revisión da decisión de promoción ou titulación</i>	29
Artigo 41. <i>Solicitud de reclamación ante as xefaturas territoriais</i>	29
Artigo 42. <i>Procedemento de reclamación</i>	30
DISPOSICIÓN	31
Disposición transitoria única. <i>Aplicabilidade da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia</i>	31
Disposición derogatoria única. <i>Derogación normativa</i>	31
Disposición derradeira primeira. <i>Modificación do artigo 59 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación</i>	32
Disposición derradeira segunda. <i>Habilitación para o desenvolvemento normativo</i>	33
Disposición derradeira terceira. <i>Entrada en vigor</i>	33
ANEXOS	34



A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, creou unha nova estrutura curricular e afectou, entre outros, a varios aspectos da educación secundaria obrigatoria como os principios e obxectivos, a organización ou a avaliación.

O Real decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria obrigatoria, aprobou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para esta etapa, determinando os aspectos básicos do currículo, establecendo os seus obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos, e encomendando ás administracións educativas establecer os currículos que serán de aplicación no seu ámbito de xestión.

Nese contexto, o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia concretou as intencións do sistema educativo galego para esta etapa, establecendo a súa organización e completando as ensinanzas mínimas, e facultando á persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas no relativo ao desenvolvemento do decreto.

A presente orde adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. No que se refire aos principios de necesidade e eficacia, trátase dunha norma necesaria para concretar o marco normativo autonómico establecido polo Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo con o principio de proporcionalidade, contén a regulación imprescindible para cumprir co seu obxecto, ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos. Conforme ao principio de seguridade xurídica resulta coherente co ordenamento xurídico. Cumpre tamén cos principios de transparencia e accesibilidade, que se garantiron a través da exposición do proxecto no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 41.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Así mesmo respéctanse os principios de eficiencia e simplicidade ao permitir unha xestión máis eficiente dos recursos públicos e non prevendo cargas administrativas para os destinatarios. No proceso de elaboración, esta orde foi tratada na Mesa sectorial docente non universitaria.

En consecuencia, como conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, facendo uso das competencias que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia,



DISPOÑO:

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten como obxecto regular o desenvolvemento e a avaliación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Esta orde será de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria.

CAPÍTULO II

ORGANIZACIÓN

Artigo 3. *Organización xeral*

1. As materias da educación secundaria obrigatoria que debe cursar o alumnado son as seguintes:

a) No primeiro curso: Bioloxía e Xeoloxía; Educación Física; Educación Plástica, Visual e Audiovisual; Lingua Castelá e Literatura; Lingua Estranxeira; Lingua Galega e Literatura; Matemáticas; Segunda Lingua Estranxeira; Tecnoloxía e Dixitalización; e Xeografía e Historia.

b) No segundo curso: Educación Física; Física e Química; Lingua Castelá e Literatura; Lingua Estranxeira; Lingua Galega e Literatura; Matemáticas; Música; Segunda Lingua Estranxeira; Tecnoloxía e Dixitalización; e Xeografía e Historia.

c) No terceiro curso: Bioloxía e Xeoloxía; Educación en Valores Cívicos e Éticos; Educación Física; Educación Plástica, Visual e Audiovisual; Física e Química; Lingua Castelá e Literatura; Lingua Estranxeira; Lingua Galega e Literatura; Matemáticas; Música; e Xeografía e Historia.



Ademais cursarán unha materia optativa de entre as seguintes: Cultura Clásica; Educación Dixital; Oratoria; ou Segunda Lingua Estranxeira.

d) No cuarto curso: Educación Física; Lingua Castelá e Literatura; Lingua Estranxeira; Lingua Galega e Literatura; Matemáticas A ou Matemáticas B, en función da elección da alumna ou do alumno; Xeografía e Historia.

Así mesmo, deberán cursar tres materias de opción de entre as seguintes: Bioloxía e Xeoloxía; Dixitalización; Economía e Emprendemento; Expresión Artística; Física e Química; Formación e Orientación Persoal e Profesional; Latín; Música; Segunda Lingua Estranxeira; e Tecnoloxía.

Ademais cursarán unha materia optativa, en función da oferta dos centros docentes, de entre as seguintes: Cultura Clásica, se non foi cursada no terceiro curso; Filosofía; Oratoria, se non foi cursada no terceiro curso; e unha materia de opción non cursada.

2. Ademais das materias indicadas no número anterior, o alumnado cursará as ensinanzas de relixión ou a materia de Proxecto Competencial, segundo a elección da nai, do pai ou da persoa titora legal, tal e como establece a disposición adicional segunda do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, en cada un dos cursos da etapa.

3. O alumnado cursará o mesmo idioma na materia Lingua Estranxeira nos catro cursos da etapa.

4. A distribución horaria na etapa de educación secundaria obrigatoria desenvolverase tendo en conta os seguintes aspectos:

a) A carga horaria semanal en períodos lectivos para cada unha das materias dos distintos cursos é a que figura no anexo V do Decreto 156/2022, do 15 de xuño. Este horario debe entenderse como o tempo semanal necesario para o traballo en cada unha das materias.

b) A distribución das materias en cada xornada e durante a semana realizarase atendendo exclusivamente a razóns pedagóxicas e organizativas.

c) No primeiro e no segundo cursos os centros docentes contarán con dúas sesións lectivas de libre disposición, que dedicarán a incrementar a carga lectiva dunha ou dúas das materias recollidas respectivamente nas letras a) e b) do número 1, nos termos que establezan na súa concreción curricular. O dito incremento da carga lectiva realizarase na materia ou nas materias en todos os grupos do nivel.

d) Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha sesión lectiva semanal de titoría.

Artigo 4. *Oferta de materias no centro*

1. Os centros docentes ofertarán as materias obrigatorias dos catro cursos, a totalidade das materias optativas de terceiro curso e a totalidade das materias de opción de cuarto curso. Ademais



concretarán a súa oferta de materias optativas de cuarto curso que formará parte da súa concreción curricular.

2. As materias optativas e de opción que non teñan un número suficiente de alumnado que solicite cursalas non poderán ser impartidas no centro.

As materias optativas de terceiro e de cuarto curso e as materias de opción de cuarto curso precisan dun número mínimo de dez alumnas e/ou alumnos para poder ser impartidas. Coa finalidade de atender a diversidade en ámbitos rurais, pequenos núcleos de poboación e/ou outras circunstancias que así o aconsellen, poderán impartirse as materias optativas cun número menor de alumnas ou alumnos. Neste caso, precisarase a autorización expresa da xefatura territorial correspondente, logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa. En ningún caso, o número de alumnado será inferior a cinco.

3. Os centros docentes poderán establecer itinerarios, no cuarto curso, orientados ás diferentes modalidades de bacharelato e os diversos campos da formación profesional, que agruparán materias de opción e materias optativas, para orientar ao alumnado na elección das mesmas. En todo caso, o alumnado deberá poder alcanzar, por calquera dos itinerarios que se establezan, o nivel de adquisición das competencias clave establecido no perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico.

Artigo 5. Agrupación de materias en ámbitos

1. Nos tres primeiros cursos da etapa, os centros docentes poderán propoñer agrupacións de materias en ámbitos, conforme aos criterios establecidos nas súas concrecións curriculares. Esta organización curricular debe contribuír, desde a propia estrutura do currículo e desde a metodoloxía de traballo, á consecución dos seguintes obxectivos:

- a) Consolidar e reforzar as aprendizaxes para un adecuado desenvolvemento das competencias clave da educación secundaria obrigatoria.
- b) Motivar o alumnado por medio de metodoloxías activas de aprendizaxe.
- c) Promover estratexias que faciliten a coordinación e o traballo interdisciplinario dos equipos docentes que imparten clase a un mesmo grupo de alumnado.

2. Nas agrupacións por ámbitos teranse en conta as seguintes consideracións:

- a) Deberán respectarse os obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos das materias que se integren nestes, así como o horario asignado ao conxunto delas. Con carácter xeral, a organización dos elementos curriculares nun ámbito realizarase de maneira globalizada, sen fragmentar en contidos específicos de cada materia que forma parte do ámbito.



c) O nome do ámbito resultante será a concatenación dos nomes das materias que constitúen o dito ámbito na orde en que aparecen no número 1 do artigo 3.

d) A medida non condiciona todos os grupos do nivel nin tampouco obriga a agrupar todas as materias en ámbitos.

e) No caso de agrupar no ámbito unha materia optativa do terceiro curso, esta debe ser cursada por todo o alumnado do grupo.

d) Cada ámbito específico será impartido por unha única profesora ou un único profesor con atribución docente nalgunha das materias que forman parte do ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

No caso de que a materia Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua Estranxeira forme parte do ámbito e o ámbito sexa impartido por unha profesora ou un profesor dunha especialidade diferente á que é propia desas materias, deberá acreditar, polo menos, o nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas na lingua correspondente.

3. A constitución destes agrupamentos requirirá autorización expresa do Servizo Territorial de Inspección Educativa.

Artigo 6. *Exención da Segunda Lingua Estranxeira*

1. O alumnado dos dous primeiros cursos que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira. Neste caso, recibirá reforzo nas aprendizaxes daqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Esta materia consignarase nos documentos de avaliación co termo "Exenta" (EX).

2. A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado afectado pola medida.

Artigo 7. *Materias e ámbitos pendentes*

1. O alumnado que acade a promoción ao seguinte curso con materias ou ámbitos sen superar deberá matricularse deles e cursalos ao longo do curso seguindo os correspondentes plans de reforzo.

Se o centro docente non imparte os ámbitos pendentes, o alumnado deberá matricularse independentemente das materias que se agrupaban nos ditos ámbitos e cursalas ao longo do curso seguindo os correspondentes plans de reforzo.



2. O centro educativo establecerá na súa concreción curricular os criterios para o deseño dos plans de reforzo. Así mesmo, as programacións didácticas deberán recoller os procedementos de seguimento, recuperación e avaliación das materias ou ámbitos pendentes.

3. O seguimento e a avaliación das materias ou ámbitos pendentes será realizado polo profesorado con atribución docente na materia ou ámbito, elixido polo departamento didáctico que corresponda tendo en conta o seguinte:

a) Cando se trate da mesma materia ou ámbito, será elixido, preferentemente, o profesorado que lle imparta a materia no actual curso académico.

b) No resto de materias ou ámbitos, será elixido, preferentemente, o profesorado que teña coñecemento do proceso de aprendizaxe e da realidade educativa da alumna ou do alumno por terlle impartido docencia no curso anterior ou por impartirlle docencia no curso actual.

4. O profesorado, coordinado pola xefatura do departamento didáctico ou polas persoas responsables dos centros privados, e conforme ao procedemento establecido polo centro, informará sobre os aspectos dos plans de reforzo ao alumnado e, de ser o caso, ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais.

5. O seguimento do plan de reforzo e avaliación das materias ou ámbitos pendentes realizarase en cada sesión de avaliación parcial e na sesión de avaliación final. Para estes efectos, programaranse actividades e/ou probas de avaliación ao longo do curso para verificar a superación desas materias ou ámbitos.

6. Ao alumnado que acceda a un programa de diversificación curricular con materias pendentes de cursos anteriores aplicaráselle a regulación do número 11 do artigo 10.

Artigo 8. *Validación e exención de materias*

1. As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade, poderán solicitar a validación e/ou a exención de materias nos termos establecidos na normativa de aplicación.

2. Con carácter xeral, a solicitude realizarase ante a dirección do centro durante o mes de setembro. Coa solicitude achegarase a documentación que acredite as circunstancias que xustifiquen a posible validación e/ou exención.

3. As materias obxecto de validación e/ou exención consideraranse como materias superadas a efectos da obtención do título de educación secundaria obrigatoria.

Estas materias non terán cualificación numérica.



4. O alumnado poderá solicitar a validación dunha materia con independencia de que o centro docente a imparta. Para isto, solicitará a matrícula da materia obxecto de validación só a efectos administrativos.

5. No caso de simultaneidade entre as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e as ensinanzas profesionais de música e de danza, o alumnado matriculado no mesmo curso académico nas materias das ensinanzas profesionais de música e de danza correspondentes para a validación ou a exención das materias de educación secundaria obrigatoria, impartidas ou non no centro, poderá presentar o certificado académico que acredite a superación das materias das ensinanzas profesionais ata a data en que se leve a cabo a avaliación final. Mentres non acredite a súa superación, a cualificación da materia de educación secundaria obrigatoria figurará como pendente.

6. Das validacións e/ou exencións de materias deixarase constancia no expediente académico mediante unha dilixencia, que se axustará no seu contido ao modelo que se establece no anexo I. Estas materias consignaranse nos documentos de avaliación co termo “Validada” (CV) e/ou o termo “Exenta/o” (EX).

Artigo 9. *Titoría e orientación*

1. Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha persoa titora de entre as que desempeñan docencia nel, preferentemente que imparta docencia a todo o grupo, que se responsabilizará, en colaboración co equipo docente, da atención e do seguimento personalizado do alumnado do grupo, así como da orientación da aprendizaxe e do apoio no seu proceso educativo.

Así mesmo, facilitará a participación das nais, dos pais e das persoas titoras legais nos termos establecidos na normativa correspondente.

2. A xefatura do departamento de orientación apoiará e colaborará coas persoas titoras nos termos establecidos no plan de acción titorial.

3. A xefatura do departamento de orientación, en colaboración coa persoa titora, informará e orientará ao alumnado para que a elección das materias de opción e das materias optativas sexa a máis adecuada para os seus intereses e a súa formación posterior. Neste proceso incorporárase a perspectiva de xénero, fomentárase a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes e evítanse condicionamentos derivados de estereotipo sexistas.

Artigo 10. *Programa de diversificación curricular*

1. Os programas de diversificación curricular terán dous cursos de duración correspondentes ao terceiro e ao cuarto cursos da educación secundaria obrigatoria.



2. O equipo docente poderá propoñer a incorporación a este programa do alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe e para o cal, tras ter recibido medidas de atención á diversidade nos dous primeiros cursos da etapa, se considere que é a medida máis axeitada para a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria. Ademais o alumnado deberá encontrarse nalgunha das seguintes situacións:

a) Ter cursado o segundo curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a terceiro.

b) Ter cursado o terceiro curso da educación secundaria obrigatoria e non estar en condicións de acadar a promoción a cuarto. Para estes efectos, o alumnado que non poida repetir o terceiro curso poderá incorporarse ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.

c) Excepcionalmente, o equipo docente poderá propoñer a incorporación ao segundo curso do programa de diversificación curricular correspondente ao cuarto curso da educación secundaria obrigatoria ao alumnado que teña que repetir o cuarto curso da educación secundaria obrigatoria.

3. Os programas de diversificación curricular incluírán dous ámbitos específicos:

a) O ámbito Científico-Tecnolóxico, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Bioloxía e Xeoloxía; Física e Química; e Matemáticas.

b) O ámbito Lingüístico e Social, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de Lingua Castelá e Literatura; Lingua Estranxeira; Lingua Galega e Literatura; e Xeografía e Historia.

Inclúíranse o resto de materias do terceiro ou cuarto curso da educación secundaria obrigatoria recollidas no artigo 3 non incluídas nos ámbitos específicos que o alumnado cursará con carácter xeral nun grupo ordinario. Para estes efectos, no cuarto curso, o alumnado só elixirá unha das materias de opción, excluindo as materias de Bioloxía e Xeoloxía, e de Física e Química.

4. As alumnas e os alumnos que sigan un programa de diversificación curricular terán un grupo ordinario de referencia co cal cursarán as materias non pertencentes aos ámbitos.

5. A carga horaria semanal en períodos lectivos dos ámbitos específicos que compoñen o programa será a suma da carga horaria das materias que conforman o ámbito segundo se establece no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

6. De conformidade co establecido no artigo 61.7 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, os grupos que se



conformen para desenvolver estes programas, con carácter xeral, non superarán o número máximo de 10 alumnas ou alumnos nin terán un número inferior a cinco.

7. Cada grupo do programa de diversificación curricular terá unha persoa titora que terá, entre as súas funcións, a orientación do alumnado do programa e a súa atención personalizada, a coordinación do equipo docente que imparte o programa, a relación coas familias e a coordinación co profesorado titor do grupo de referencia de cada alumna e alumno integrante do programa.

8. Cada ámbito específico será impartido por unha única profesora ou un único profesor con atribución docente nalgunha das materias que forman parte do ámbito.

No caso de que o ámbito Lingüístico e Social sexa impartido por unha profesora ou un profesor dunha especialidade diferente á que é propia da materia de Lingua Estranxeira, deberá acreditar, polo menos, o nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas na lingua correspondente.

Sen prexuízo do anterior, por razóns organizativas, a parte do currículo correspondente á lingua estranxeira do ámbito Lingüístico e Social poderá ser impartida, de xeito independente, por profesorado da especialidade da lingua estranxeira. Neste caso, a programación do ámbito deberá realizarse de forma coordinada entre o profesorado encargado da súa docencia.

9. O programa de diversificación curricular concíbese desde un enfoque metodolóxico funcional, en que os contidos curriculares se deben tratar desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.

10. O alumnado do programa de diversificación curricular será avaliado polo profesorado que imparte cada un dos ámbitos e materias, baixo a coordinación do profesorado titor do programa e do profesorado titor do grupo de referencia. As cualificacións dos ámbitos realizaranse nos mesmos termos que as materias.

11. O alumnado que acceda a un programa de diversificación curricular con materias pendentes de cursos anteriores que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa realizará as actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperalas ao longo do desenvolvemento do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

CAPÍTULO III.

DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO



Artigo 11. *Autonomía do centro*

1. Os centros docentes, no uso da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo de educación secundaria obrigatoria adaptándoo ás características do alumnado e á súa realidade educativa, e fixarán a súa concreción e incorporarana ao seu proxecto educativo e funcional, que impulsará e desenvolverá os principios, os obxectivos e a metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa.

2. A concreción do currículo que realicen os centros docentes nos seus proxectos educativos e funcionais terá como referente os descritores operativos das competencias clave recollidos no anexo I do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

Artigo 12. *Concreción curricular*

1. A concreción curricular, que se incorporará ao proxecto educativo e funcional do centro, establece os criterios e as decisións que orientan o desenvolvemento do currículo e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica.

2. O claustro de profesorado garantirá mediante a concreción curricular a coherencia na actuación docente.

3. A concreción curricular, que será única para cada centro, incluírá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 15 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

4. Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programación Proens que pon a disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e, de ser o caso, para a modificación da concreción curricular. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a supervisión da concreción curricular por parte da Inspección educativa.

5. Os centros docentes farán pública a concreción curricular co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

Artigo 13. *Programacións didácticas*

1. A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento didáctico.

2. A programación didáctica de cada materia ou ámbito elaborárase por nivel educativo e será única para todos os grupos do nivel.



3. O profesorado, baixo a coordinación das xefaturas dos departamentos didácticos, terá en conta para o deseño das programacións didácticas os seguintes aspectos:

- a) O disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.
- b) As decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular do centro.
- c) O dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva.
- d) A información recollida no seguimento da programación e na memoria final do curso anterior.

4. A programación didáctica incluírá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 16 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

5. O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de mellora. Esta información trasladarase, para a súa valoración e análise, ao departamento didáctico cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas do departamento.

6. Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programacións Proens que pon a disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a supervisión das programacións didácticas por parte das xefaturas de departamento, dos equipos directivos e da Inspección educativa.

7. Os centros docentes farán públicas as programacións didácticas co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, nos primeiros días de actividade lectiva de cada curso académico o profesorado, coordinado pola xefatura do departamento didáctico ou polas persoas responsables nos centros privados, e conforme ao procedemento establecido no centro, informará sobre os aspectos da programación didáctica o alumnado e, de ser o caso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais. Así mesmo, informarase dos criterios de promoción e/ou titulación, de ser o caso.

Artigo 14. *Métodos pedagóxicos*

1. A metodoloxía didáctica buscará desenvolver e asentir progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adquisición e un desenvolvemento adecuados das competencias clave previstas no perfil de saída establecido no anexo I do Decreto 156/2022, do 15 de setembro. Procurarase a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terase en conta os seus ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerase a capacidade de aprender por si mesmo,



fomentarse o traballo colaborativo e en equipo, e potenciarase a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Para estes efectos, no deseño das actividades de cada materia, o profesorado terá que considerar a relación existente entre os obxectivos da materia e as competencias clave a través dos descritores operativos e as liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que se establecen nas orientacións pedagóxicas para cada materia nos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, e seleccionar aqueles criterios de avaliación do currículo que se axusten á finalidade buscada, así como empregalos para verificar as aprendizaxes do alumnado e o seu nivel de desempeño.

2. Os centros dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos e relevantes para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

3. Os centros garantirán, na práctica docente de todas as materias, a incorporación dun tempo de lectura e práctica da oratoria, nos termos recollidos na súa concreción curricular.

4. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos e aos criterios de avaliación similares nas distintas materias lingüísticas, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

5. As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso, priorizaranse a comprensión, a expresión e a interacción oral.

Artigo 15. *Plans educativos*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura, un plan de biblioteca, un plan dixital e un plan de actividades físicas e hábitos saudables, de acordo aos artigos 36, 37 e 38 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.



2. Estes plans serán únicos para cada centro docente e deberán desenvolver aspectos concretos da educación secundaria obrigatoria, así como das outras etapas educativas que se ofertan no dito centro, de ser o caso.

3. Estes plans elaboraranse a partir dun diagnóstico da situación do centro, que permita a definición de obxectivos de cara á mellora. Para o logro dos ditos obxectivos, ao longo do período de vixencia do proxecto educativo e funcional, desenvolveranse en cada curso académico diferentes actuacións.

Os plans estarán orientados a reforzar e complementar a aprendizaxe curricular do alumnado do centro, así como o desenvolvemento das competencias clave.

4. Promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento destes plans.

Artigo 16. *O plan de lectura*

O plan de lectura na etapa de educación secundaria obrigatoria terá por finalidade a promoción e o fomento da lectura, a escritura e as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave, e incluirá, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.
- b) Análise do contexto, que analizará, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á lectura e ao fomento da mesma.
- c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores e actuacións.
- d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Artigo 17. *O plan de biblioteca*

O plan de biblioteca terá por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe, e incluirá, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.
- b) Análise do contexto, que analizará, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á organización e a xestión da biblioteca, á formación de persoas usuarias, á contribución ao desenvolvemento das competencias do alumnado e ao fomento da lectura.
- c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores e actuacións.



d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Artigo 18. *O plan dixital*

O plan dixital concíbese como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e de aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.
- b) Análise do contexto, que analizará, como mínimo, a situación de partida no centro respecto do uso das tecnoloxías dixitais.
- c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores e actuacións.
- d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Artigo 19. *O plan de actividades físicas e hábitos saudables*

O plan de actividades físicas e hábitos saudables terá por finalidade a práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e incluírá, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.
- b) Análise do contexto, que analizará, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á práctica diaria de actividade física, a alimentación e os hábitos de vida saudable, a hixiene persoal e o descanso.
- c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores e actuacións.
- d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Artigo 20. *A concreción anual dos plans educativos*

1. Os plans educativos do centro, aos que se refire este capítulo, concretaranse anualmente na programación xeral anual a través de actuacións enfocadas ao logro daqueles obxectivos establecidos en cada plan que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

2. Para cada unha das actuacións ás que se refire o número anterior estableceranse accións concretas coa a súa temporalización, as persoas responsables da súa execución e, de ser o caso, os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.



Así mesmo, na concreción anual de cada un dos plans indicaranse as persoas responsables ou coordinadoras e, de ser o caso, as persoas que configuren o equipo correspondente.

3. Promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento da concreción anual destes plans.

CAPÍTULO IV

AVALIACIÓN E PROCEDEMENTO DE REVISIÓN E RECLAMACIÓN

Sección 1ª. Avaliación

Artigo 21. *Carácter da avaliación*

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, tanto no ámbito individual como no colectivo.

No referente aos procesos de aprendizaxe, servirá para detectar, analizar e valorar as aprendizaxes e o desenvolvemento do alumnado. Para estes efectos, os criterios de avaliación utilizaranse como referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumna e de cada alumno e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas.

No referente ao proceso de ensino, o profesorado avaliará tanto este como a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro, que se recollerán nas programacións didácticas.

2. A avaliación na educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora:

a) Continua, pois considerarase un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal o profesorado que atende as alumnas e os alumnos recolle información de forma continua sobre o proceso de ensino e aprendizaxe.

b) Formativa, en canto regula e orienta o proceso educativo ao proporcionar unha información constante que permite axustar e mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa coa finalidade de adaptalos ás características persoais de cada alumna e alumno.

c) Integradora, xa que deben terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación



non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos seus currículos.

3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

4. Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado e que garantan, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o seu proceso educativo, de acordo coa normativa de atención á diversidade.

Artigo 22. Avaliación das competencias clave

1. Todas as materias ou ámbitos do currículo deben contribuír en cada un dos cursos da etapa ao desenvolvemento por parte do alumnado do adecuado grao de adquisición das competencias clave.

2. A avaliación do grao de adquisición das competencias clave en cada un dos cursos da etapa debe estar integrada coa avaliación dos criterios de avaliación de cada unha das materias ou ámbitos, na medida en que, de conformidade cos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, os criterios de avaliación de cada materia ou ámbito, nun determinado curso da etapa, están relacionados univocamente cos obxectivos da dita materia ou ámbito, e pola súa vez, os obxectivos da devandita materia ou ámbito están relacionados coas competencias clave a través dos descritores operativos correspondentes.

3. A selección dos criterios de avaliación e dos contidos establecidos na programación didáctica da materia ou ámbito para o deseño das actividades de ensino e aprendizaxe, e dos métodos pedagóxicos, debe asegurar, no nivel correspondente, o desenvolvemento das competencias clave, tendo en conta as relacións curriculares as que se refire o número anterior.

Artigo 23. Sesións de avaliación



1. As sesións de avaliación son as reunións que mantén o equipo docente de cada grupo de alumnas e alumnos, co obxectivo de analizar o proceso de aprendizaxe de cada alumna e alumno, así como de tomar as decisións que acomoden a intervención educativa ás características individuais do alumnado e ás características do grupo.

Ao longo do curso realizaranse unha avaliación inicial, tres avaliacións parciais e unha avaliación final.

2. As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparta docencia nel, e poderá contarse coa participación do profesorado que realice o seguimento e a avaliación das materias pendentes. Darase a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan.

Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.

3. En cada sesión, a avaliación de cada materia é competencia do profesorado que a imparta ou, de ser o caso, realice o seguimento e avaliación das materias pendentes. O resto de decisións serán competencia do equipo docente. Entenderase por equipo docente de cada alumna e alumno, aquel profesorado que lle imparta docencia e o que realice o seguimento e a avaliación das materias pendentes.

4. De cada unha das sesións de avaliación, a titora ou o titor levantará a correspondente acta de desenvolvemento da sesión, na cal se farán constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes do alumnado e da práctica docente e as propostas de mellora.

5. As decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e a titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todo aquilo que incida no proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

Artigo 24. *Avaliación inicial*

1. O profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha sesión de avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ou ámbito ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.



2. Para esta avaliación inicial, recolleranse os datos máis destacados do proceso de desenvolvemento da alumna ou do alumno, terase en conta a información relevante achegada polo propio alumnado, ou pola nai, o pai ou a persoa titora legal da alumna ou alumno menor de idade, e, de ser o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar e os informes de escolarización anteriores.

A avaliación inicial completárase coa información obtida polas e polos docentes do grupo de alumnado durante as primeiras sesións lectivas do curso académico.

3. As programacións didácticas recollerán as decisións relativas ao tipo de información que se precisa para realizar a avaliación inicial, así como as técnicas ou os instrumentos que se van empregar para recoller e consignar a dita información.

4. A data límite para a realización desta sesión de avaliación inicial determinarase na norma que estableza o calendario escolar para cada curso académico.

Artigo 25. Avaliacións parciais

1. Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación parciais para cada grupo. Nestas sesións, se for o caso, farase o seguimento do proceso de recuperación das materias pendentes do alumnado do grupo. A derradeira destas sesións poderá coincidir coa avaliación final ordinaria.

2. O profesorado que imparta docencia e o profesorado encargado do seguimento e a avaliación das materias pendentes deberán consignar nas actas de avaliación as cualificacións das materias das que son responsables.

3. As datas para a realización destas sesións parciais concretaranse tendo en conta un reparto equilibrado na duración dos tres períodos.

Artigo 26. Avaliación final

1. O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado, de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

2. O profesorado que imparta docencia e o profesorado encargado do seguimento e a avaliación das materias pendentes deberán consignar na acta de avaliación final as cualificacións das materias das que son responsables.

O equipo docente, coordinado pola persoa titora, consignará na acta de avaliación final as cualificacións das competencias clave.



Artigo 27. *Cualificacións*

1. Os resultados da avaliación das materias expresaranse nos termos de insuficiente (IN) para as cualificacións negativas e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles, con carácter informativo, unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- Suficiente: 5.
- Ben: 6.
- Notable: 7 ou 8.
- Sobresaliente: 9 ou 10.

2. No caso dos ámbitos que integren distintas materias, o resultado da avaliación expresase mediante unha única cualificación, sen prexuízo dos procedementos que poidan establecerse para manter informados da súa evolución nas diferentes materias a alumna ou o alumno e as súas nais, os seus pais ou as súas persoas titoras legais.

3. Co obxecto de garantir a mobilidade do alumnado, cando varias materias fosen cursadas integradas nun ámbito, farase constar no historial académico e no informe persoal por traslado a cualificación obtida en cada materia, que será a mesma que figure no expediente académico para o ámbito correspondente.

4. Os resultados da avaliación das competencias clave expresaranse nos mesmos termos cualitativos que se establecen no número 1 deste artigo para os resultados de avaliación das materias.

Artigo 28. *Promoción*

1. O equipo docente decidirá sobre a promoción de cada alumna ou alumno na avaliación final ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación.

No caso dos programas de diversificación curricular, a decisión sobre a permanencia neles un ano máis adoptárase exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

2. Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

3. Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:



a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.

c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.

d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

4. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación, nas condicións reguladas no artigo 7.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso e deberá seguir un plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado, para cuxa elaboración e seguimento seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.

6. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio.

De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

7. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

Artigo 29. *Titulación*

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave



establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 do Decreto 156/2022, do 15 de xuño, e tendo en conta os criterios de titulación.

2. O alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria . Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

5. A superación da totalidade dos ámbitos incluídos nun ciclo formativo de grao básico conducirá á obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

Artigo 30. *Probas ou actividades personalizadas extraordinarias*

1. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderá obtelo nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase.

2. Poderá inscribirse para realizar estas probas ou actividades o alumnado ao que fai referencia o número 1 deste artigo e que non estea matriculado en ningunha ensinanza ou proba que permita a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria no curso académico no que solicite a inscrición nas ditas probas ou actividades.



No caso de que estivese matriculado nalgunha ensinanza ou proba que permita a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria, poderá solicitar a súa inscrición se causou baixa antes de prazo de matrícula das probas ou actividades personalizadas extraordinarias.

3. A inscrición e a matrícula realizarase no mes de maio de cada curso académico.

4. As probas ou actividades personalizadas realizaranse no centro educativo onde a alumna ou o alumno estivese matriculado por última vez no cuarto curso do ensino secundario obrigatorio, durante o mes de xuño.

5. O profesorado que imparte docencia das materias ou os ámbitos nas que o alumnado se inscribise para a realización destas probas ou actividades será o encargado do seu deseño e da súa avaliación. A tales efectos, o profesorado informará, cando menos, dos obxectivos, os criterios de avaliación, os contidos, os instrumento/s de avaliación e os criterios de cualificación para cada materia ou ámbito na que a alumna ou o alumno estea inscrito, así como dos criterios de titulación.

6. Realizarase unha sesión de avaliación nas datas establecidas para a sesión de avaliación final na que participará o profesorado responsable das probas ou actividades e será coordinada pola persoa que ostente a xefatura de estudos ou a persoa na que delegue.

7. A acta de avaliación axustarase no seu contido ao modelo de avaliación final de 4º curso recollido no anexo III.

Artigo 31. *Matrícula de honra*

1. O alumnado que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivese unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

2. Os criterios xerais de outorgamento de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

3. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos correspondentes documentos oficiais de avaliación da alumna ou do alumno.

Artigo 32. *Avaliación de diagnóstico*

No segundo curso de educación secundaria obrigatoria todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo dispoña a consellería con competencias en materia de educación. Esta avaliación terá carácter



informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censual, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Artigo 33. *Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente*

Co fin de analizar e valorar o proceso de ensino que ten lugar nas aulas e adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado, a avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente na educación secundaria obrigatoria recollerase no seguimento das programacións didácticas a través dos indicadores de logro establecidos nas mesmas que versarán, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:

- a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.
- b) A metodoloxía empregada.
- c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.
- d) As medidas de atención á diversidade.
- e) O clima de traballo na aula.
- f) A coordinación co resto do equipo docente e coas nais, os pais ou as persoas titoras legais.

Artigo 34. *Consello orientador*

1. A titora ou o titor do curso que corresponda elaborará un consello orientador individualizado, co asesoramento do departamento de orientación, logo da información recollida na sesión de avaliación final.

2. O consello orientador será asinado pola persoa titora, a persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e levará o visto e prace da directora ou o director do centro.

3. O consello orientador, que se entregará ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais, ou á propia alumna ou alumno no caso de que sexa maior de idade, elaborárase:

- a) Ao finalizar o segundo curso, e incluírá un informe sobre o grao de logro dos obxectivos da etapa e de adquisición das competencias clave correspondentes, así como unha proposta da opción que se considere máis adecuada para continuar a súa formación, que poderá incluír a incorporación a un programa de diversificación curricular ou a un ciclo formativo de grao básico.



b) Ao finalizar a etapa ou, de ser o caso, ao concluír a súa escolarización obrigatoria, e incluírá unha proposta sobre a opción ou as opcións académicas, formativas ou profesionais. que se consideran máis convenientes.

c) Cando o equipo docente considere conveniente propor a unha alumna ou un alumno para a súa incorporación a un ciclo formativo de grao básico ou a un programa de diversificación curricular, nalgún outro curso en que resulte de aplicación.

Artigo 35. *Información da avaliación*

1. As persoas titoras informarán regularmente as nais, os pais ou as persoas titoras legais sobre o proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen, ou o propio alumnado no caso de ser maior de idade. Esta información subministrarse, como mínimo, cunha periodicidade trimestral e incluírá as cualificacións obtidas en cada materia.

2. A persoa titora e o profesorado das distintas materias ou ámbitos manterán, no relativo ao proceso de aprendizaxe, unha comunicación fluída co alumnado e, no seu caso, coas súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais.

Artigo 36. *Documentos e informes de avaliación*

1. Os documentos e informes de avaliación axustaranse no seu contido aos seguintes modelos:

a) O consello orientador regulado no artigo 34 axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo II.

b) As actas de avaliación reguladas no artigo 31 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, axustaranse no seu contido ao modelo que se establece no anexo III.

b) O expediente académico regulado no artigo 32 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo IV.

c) O historial académico regulado no artigo 33 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo V.

d) O informe persoal por traslado regulado no artigo 34 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VI.

e) O certificación oficial regulada no número 4 do artigo 29 axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VII.



2. Os centros sostidos con fondos públicos que impartan a etapa de educación secundaria obrigatoria cubrirán os documentos de avaliación a través dos módulos correspondentes da aplicación de xestión académica do ensino (XADE).

Sección 2ª. Procedemento de revisión e reclamación

Artigo 37. Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva

1. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros docentes concretarán nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia:

a) Os procedementos para facer públicas a concreción curricular e as programacións didácticas.

b) O procedemento mediante o cal o alumnado, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar aclaracións, á persoa titora e ao profesorado, acerca das informacións e valoracións que reciban sobre o seu proceso de aprendizaxe, e sobre as cualificacións ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso.

c) O procedemento de revisión de cualificacións das materias e os ámbitos e da decisión de titulación do alumnado.

2. As direccións dos centros responsabilizaranse de que a información á que se refire o número 1 deste artigo sexa accesible e se lle dea publicidade para toda a comunidade educativa.

3. O alumnado ou, no seu caso, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar no centro a revisión das cualificacións finais ou da decisión de titulación, e no caso de continuar o desacordo poderán presentar unha solicitude de reclamación ante a xefatura territorial correspondente, segundo o procedemento indicado nos artigos 38, 39, 40 e 41.

Artigo 38. Solicitude de revisión no centro

1. O alumnado, ou de ser o caso, as súas nais, os seus pais ou as persoas titoras legais, que non estean de acordo coas cualificacións ou decisións adoptadas na avaliación final poderán solicitar cantas aclaracións consideren precisas á persoa titora e ao profesorado, de acordo co procedemento establecido nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro.

2. No caso de que persista o desacordo, a alumna ou o alumno ou a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán solicitar por escrito á dirección do centro a revisión da devandita



cualificación ou decisión, no prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produciu a súa comunicación.

3. As persoas interesadas no procedemento terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos no expediente de revisión, que se lle remitirán, preferentemente, en formato dixital.

4. Nos centros privados, as solicitudes de revisión tramitaranse na forma e polos órganos que determinen as súas normas de funcionamento, e será de aplicación supletoria a presente orde en todo o non regulado nas devanditas normas para os centros concertados.

Artigo 39. *Procedemento de revisión de cualificacións finais*

1. A dirección do centro trasladará ao departamento didáctico responsable da materia a solicitude de revisión da cualificación final e comunicará á persoa titora.

2. No primeiro día hábil seguinte a aquel en que finalice o prazo de solicitude de revisión, cada departamento didáctico analizará as solicitudes de revisión recibidas e elaborará os correspondentes informes que recollan a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

3. O departamento didáctico contrastará as actuacións seguidas no proceso de avaliación da alumna ou do alumno co establecido na programación didáctica, que deberán recollese no informe, con especial referencia aos seguintes aspectos:

a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou do alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.

b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.

c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia.

d) A decisión debidamente motivada da ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión.

4. O departamento didáctico trasladará o informe elaborado á dirección do centro, quen emitirá resolución coa decisión razoada de ratificación ou modificación da cualificación revisada. Esta resolución comunicarase por escrito á alumna ou ao alumno ou, no seu caso, á súa nai, ao seu pai ou ás persoas titoras legais como máximo no día hábil seguinte. Así mesmo, a dirección do centro informará da decisión á persoa titora facéndolle entrega dunha copia da resolución. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión de cualificacións finais.



5. Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación dalgunha cualificación final, a secretaria do centro, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico, a oportuna dilixencia.

6 Á vista do informe elaborado polo departamento didáctico, da resolución da dirección do centro e en función dos criterios de promoción e titulación establecidos con carácter xeral no centro e aplicados á alumna ou ao alumno, a xefatura de estudos e a persoa titora poderán reunir en sesión extraordinaria o equipo docente para revisar as decisións adoptadas.

Artigo 40. *Procedemento de revisión da decisión de promoción ou titulación*

1. A dirección do centro trasladará á persoa titora da alumna ou do alumno a solicitude de revisión da decisión de promoción ou titulación.

2. Nun máximo de dous días hábiles desde a finalización do prazo de solicitude de revisión o equipo docente reunirase en sesión extraordinaria para revisar a decisión adoptada sobre a promoción ou a titulación da alumna ou do alumno.

Na acta da sesión extraordinaria recollerase a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar, os puntos principais das deliberacións do equipo docente e a ratificación ou a modificación da decisión obxecto de revisión, razoada e motivada conforme os criterios para a promoción ou a titulación das alumnas e os alumnos establecidos con carácter xeral na concreción curricular.

3. A persoa titora da alumna ou do alumno trasladará a acta á dirección do centro, quen emitirá resolución de ratificación ou modificación razoada da decisión de promoción ou titulación. Esta resolución porá fin ao procedemento de revisión da decisión de promoción ou titulación.

4. Se, tras o proceso de revisión, procedese a modificación da decisión de promoción ou titulación adoptada, a secretaria do centro, co visto e prace da dirección do centro, anotará a oportuna dilixencia nas actas de avaliación e, se é o caso, no expediente e no historial académico.

Artigo 41. *Solicitude de reclamación ante as xefaturas territoriais*

1. Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final dunha materia ou coa decisión sobre a promoción ou a titulación, o alumnado ou, no seu caso, a súa nai, o seu pai ou as persoas titoras legais poderán presentar por escrito á dirección do centro docente unha reclamación ante a xefatura territorial correspondente, no prazo de dous días hábiles a partir do día seguinte á comunicación sobre a decisión adoptada.

2. A dirección do centro docente, no prazo máis breve posible e, en todo caso, non superior a dous días hábiles, remitirá por sede electrónica o expediente á xefatura territorial.



O expediente de revisión de cualificacións finais incorporará o informe elaborado no centro polo departamento didáctico, copia fiel dos instrumentos de avaliación que xustifiquen as informacións acerca do proceso de avaliación da alumna ou do alumno, a resolución da dirección do centro, así como, se é o caso, as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

O expediente de revisión da decisión de promoción ou titulación incorporará a acta da sesión extraordinaria do equipo docente, a resolución da dirección do centro e, se é o caso, as novas alegacións da persoa reclamante e, se procede, o informe da dirección sobre estas.

Artigo 42. *Procedemento de reclamación*

1. No caso de solicitude de reclamación a unha cualificación final, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da programación didáctica do departamento didáctico correspondente e da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación en función dos seguintes criterios:

a) A adecuación dos criterios de avaliación e dos contidos sobre os que se levou a cabo a avaliación do proceso de aprendizaxe da alumna ou o alumno cos recollidos na correspondente programación didáctica.

b) A adecuación dos procedementos e instrumentos de avaliación aplicados co sinalado na programación didáctica.

c) A correcta aplicación dos criterios de cualificación establecidos na programación didáctica para a superación da materia.

d) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.

2. O Servizo Territorial de Inspección Educativa poderá solicitar a colaboración de persoal docente especialista nas materias a que faga referencia a reclamación para a elaboración do seu informe, así como solicitar aqueles documentos que considere pertinentes para a resolución do expediente.

3. No caso de solicitude de reclamación da decisión de promoción ou titulación, o Servizo Territorial de Inspección Educativa analizará o expediente e as alegacións que nel se conteñan á vista da concreción curricular do centro, e emitirá o seu informe favorable ou desfavorable á estimación da reclamación en función dos seguintes criterios:

a) A adecuación dos criterios sobre os que se levou a cabo a decisión de promoción ou titulación cos recollidos na correspondente concreción curricular.



b) O cumprimento por parte do centro do disposto na presente orde.

4. No prazo de quince días hábiles a partir da recepción do expediente, a xefatura territorial emitirá resolución motivada considerando a proposta incluída no informe que elabore o Servizo Territorial de Inspección Educativa.

Esta resolución comunicarase de forma inmediata á dirección do centro para a súa aplicación e traslado á persoa interesada e consignarase nos correspondentes documentos oficiais de avaliación. A resolución da xefatura territorial porá fin á vía administrativa.

5. Se, tras o proceso de reclamación, procede a modificación dalgunha cualificación final e/ou da decisión de promoción ou titulación para a alumna ou o alumno, a secretaria do centro, co visto e prace da dirección, expedirá a correspondente dilixencia nas actas, no expediente académico e no historial académico, facendo referencia á dita resolución.

Cando, á vista da resolución adoptada pola xefatura territorial, poida ser necesario modificar algunha das decisións previas adoptadas, reunirase o equipo docente en sesión extraordinaria.

6. De conformidade co artigo 119.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o exercicio do dereito á revisión e reclamación de cualificacións non pode resolverse cunha cualificación menor da inicialmente obtida.

DISPOSICIÓNS

Disposición transitoria única. *Aplicabilidade da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia*

A Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia será de aplicación durante o curso académico 2022/23 para o segundo e cuarto curso de educación secundaria obrigatoria.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Queda derogada a Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.

2. Queda derogada a Orde do 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.



3. Queda derogada a Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Queda derogada a Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Queda derogada a Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, en todo o que se refira á educación secundaria obrigatoria.

6. Queda derogada a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, en todo o que se refira á etapa de educación secundaria obrigatoria.

7. Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste orde.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do artigo 59 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación*

1. Modifícase a letra a) do número 3 do artigo 59 da Orde do 8 de setembro de 2021, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado interesado presentarán unha solicitude de participación na proba extraordinaria de avaliación do primeiro curso de bacharelato, para a posible flexibilización, ante a dirección do centro docente onde foi admitido, ou de non ser o caso no centro solicitado en primeira opción no proceso de admisión, para cursar estudos de bacharelato e dentro do prazo dos cinco días hábiles primeiros do mes de xuño, e achegarán a documentación que xustifique os seguintes requisitos:

1º: Acreditación, polos servizos de orientación dependentes da Administración educativa, como alumnado con altas capacidades intelectuais.

2º: Certificación, da directora ou do director do centro, na que conste unha nota media igual ou superior a nove obtida na 2ª avaliación parcial.



b) A directora ou director do centro que reciba a solicitude autorizará a realización da proba extraordinaria de avaliación se cumpre os requisitos indicados no punto anterior.»

2. Modifícase a letra a) do número 4 do artigo 59 da Orde do 8 de setembro de 2021, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado autorizado á realización da proba á que se refire o punto anterior e que cumpra os criterios de promoción ao segundo curso de bacharelato e acredite unha nota final do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria cunha cualificación media de nove ou superior poderán presentar unha solicitude de flexibilización ante a dirección do centro docente no que realizaron as probas, dentro dos dous días hábiles seguintes á celebración das sesións de avaliación extraordinaria de bacharelato e da avaliación final de educación secundaria obrigatoria.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase á Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para tomar as medidas precisas para a execución desta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, xx de xx de 2023

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades



ANEXOS

ANEXO I

Modelo de dilixencia para facer constar a validación ou a exención de materias

a) Dilixencia para facer constar que, con data do, a materia foi motivo de validación por ter superada a materia das ensinanzas profesionais de Música/de Danza, segundo o disposto en..... (*indicar a normativa de aplicación*).

b) Dilixencia para facer constar que, con data do, a materia foi motivo de exención por.....(*indicar a que corresponda: acreditar estudos das ensinanzas profesionais de danza/ ser deportista de alto nivel ou rendemento*), segundo o disposto en (*indicar a normativa de aplicación*).

BORRADOR



ANEXO II

Modelo de consello orientador de educación secundaria obrigatoria

CONSELLO ORIENTADOR DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
Real decreto 217/2022, do 29 de marzo e Decreto 156/2022, do 15 de setembro

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Datos persoais da alumna ou do alumno			
Apelidos		Nome	
DOI	Código Xade	Data de nacemento	
Lugar de nacemento	Provincia	País	Nacionalidade
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Teléfono			Correo electrónico

Datos académicos		
Ano académico:	Curso:	Grupo:
Medidas curriculares:	<input type="checkbox"/> Adaptación curricular <input type="checkbox"/> Reforzo educativo <input type="checkbox"/> Enriquecemento curricular <input type="checkbox"/> Agrupamento flexible	
Medidas organizativas:		
Materias pendentes:		

Repeticións de curso	
Educación primaria:	<input type="checkbox"/> 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/> 5º <input type="checkbox"/> 6º
Educación secundaria:	<input type="checkbox"/> 1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º

Medidas de atención á diversidade		
Ano académico	Curso	Medidas
		<input type="checkbox"/> Adaptación curricular <input type="checkbox"/> Reforzo educativo <input type="checkbox"/> Enriquecemento curricular <input type="checkbox"/> Agrupamento flexible <input type="checkbox"/> Outras:.....

Manifesta interese por
<input type="checkbox"/> Non seguir estudando <input type="checkbox"/> Seguir na ESO <input type="checkbox"/> Cursar Bacharelato <input type="checkbox"/> Cursar formación profesional

Proposta educativa (incorporarase ao historial académico da/o alumna/o)			
<input type="checkbox"/> Promoción ao curso seguinte	<input type="checkbox"/> Repetir curso:	<input type="checkbox"/> Reforzos	<input type="checkbox"/> Outros
<input type="checkbox"/> Incorporación a Programa de Diversificación Curricular			
<input type="checkbox"/> Incorporación a Formación Profesional Básica			
<input type="checkbox"/> Incorporación a Bacharelato na modalidade de			



<input type="checkbox"/> Incorporación a Formación Profesional de Grao Medio
<input type="checkbox"/> Incorporación a Programa Formativo
<input type="checkbox"/> Incorporación a ensinanzas de adultos
<input type="checkbox"/> Outra:.....

Grao de adquisición de competencias clave	
Competencia clave	Cualificación ¹
Competencia en comunicación lingüística (CCL).	
Competencia plurilingüe (CP).	
Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).	
Competencia dixital (CD).	
Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).	
Competencia cidadá (CC).	
Competencia emprendedora (CE).	
Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).	

1. Cualificación: Insuficiente: IN, Suficiente: SU, Ben: BE, Notable: NT, Sobresaliente: SB

Grao de adquisición dos obxectivos da etapa
<input type="checkbox"/> Non acadou os obxectivos <input type="checkbox"/> Acadou os obxectivos suficientemente <input type="checkbox"/> Acadou os obxectivos de xeito destacado

Observacións

..... de de

A titora / O titor

A orientadora / O orientador

A directora / O director

.....

.....

Selo do centro

.....

ANEXO III
Modelos de acta avaliación
ACTA DE AVALIACIÓN PARCIAL/FINAL DE 1º/ 2º / 3º / 1º PDC CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Curso: 1º/2º/3º/1º PDC	1º/2º/3º AVALIACIÓN / FINAL	Real decreto 217/2022, do 29 de marzo e Decreto 156/2022, do 15 de setembro		
Grupo:		Curso académico:	Data de avaliación:	Nº total alumnado:

Materias ¹ , cualificacións ² e medidas adoptadas ³																
Relación alfabética do alumnado			Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Ámbito ⁴	Nota media ⁵	PRO ⁶
Nº	Apelidos e nome	Nº materias pendentes	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.		

1. Indicarase o nome da materia ou o ámbito cursado de 1º PDC

2. Cualificación (CUAL): *Insuficiente: IN-1, 2, 3 ou 4 / Suficiente: SU-5 / Ben: BE-6 / Notable: NT-7 ou 8 / Sobresaliente: SB-9 ou 10*

3. Medidas adoptadas (M.A): *ACS: Adaptación curricular / AF: Agrupamento flexible / EC: Enriquecemento curricular / RE: Reforzo educativo*

4. Se procede, indicarase o nome do/s ámbito/s autorizado/s, segundo a regulación do artigo 5, que recibirán unha única cualificación e quedará inhabilitada a zona de cualificación das materias que integran o ámbito.

5. Na acta de avaliación final indicar a nota media, segundo a regulación do artigo 31.2 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

6. Na acta de avaliación final indicar se promociona: PRO: SI / NON / Promoción obrigada.

SINATURAS DO PROFESORADO

Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta.



DILIXENCIAS

OBSERVACIÓNS


SINATURAS DO PROFESORADO

Materia ...	Materia ...	Materia ...	Materia ...	Materia ...
Materia ...	Materia ...	Materia ...	Materia ...	Materia ...
Materia ...				

..... de de

Visto e prace
A directora / O director

SELO DO CENTRO



ACTA DE AVALIACIÓN PARCIAL/FINAL DE 4º / 2ºPDC CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Curso: 4º / 2º PDC	1ª/2ª/3ª AVALIACIÓN / FINAL	Real decreto 217/2022, do 29 de marzo e Decreto 156/2022, do 15 de setembro		
Grupo:		Curso académico:	Data de avaliación:	Nº total alumnado:

Materias ¹ , cualificacións ² e medidas adoptadas ³																
Relación alfabética do alumnado			Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Nota media ⁴	Proposta título ⁵ (SI/NON)	Matrícula honra ⁵
Nº	Apelidos e nome	Nº materias pendentes	CUAL./M.A.	CUAL./M.A.	CUAL./M.A.	CUAL./M.A.	CUAL./M.A.	CUAL./M.A.	CUAL./M.A.	CUAL./M.A.	CUAL./M.A.	CUAL./M.A.	CUAL./M.A.			

1. Indicarase o nome da materia ou o ámbito cursado de 2º PDC.

2. Cualificación (CUAL): *Insuficiente: IN-1, 2, 3 ou 4 / Suficiente: SU-5 / Ben: BE-6 / Notable: NT-7 ou 8 / Sobresaliente: SB-9 ou 10.*

3. Medidas adoptadas (M.A.): *ACS: Adaptación curricular / AF: Agrupamento flexible / EC: Enriquecemento curricular / RE: Reforzo educativo.*

4. Na acta de avaliación final indicar a nota media, segundo a regulación do artigo 31.2 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

5. Na acta de avaliación final indicar se se propón para título e a mención de matrícula de honra, se é o caso.

SINATURAS DO PROFESORADO

Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta.

DILIXENCIAS



OBSERVACIÓNS


SINATURAS DO PROFESORADO

Materia ...	Materia ...	Materia ...	Materia ...	Materia ...
Materia ...	Materia ...	Materia ...	Materia ...	Materia ...
Materia ...				

..... de de

Visto e prace
A directora / O director

SELO DO CENTRO



ACTA DE AVALIACIÓN FINAL DE COMPETENCIAS CLAVE DE 1º / 2º / 3º / 4º / 1º PDC / 2º PDC CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia		Teléfono	

Curso: 1º / 2º / 3º / 4º / 1º PDC / 2º PDC	AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE	Real decreto 217/2022, do 29 de marzo e Decreto 156/2022, do 15 de setembro		
Grupo:		Curso académico:	Data de avaliación:	Nº total alumnado:

		Cualificación ¹ das competencias clave							
Relación alfabética do alumnado		Competencia en comunicación lingüística	Competencia plurilingüe	Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría	Competencia dixital	Competencia persoal, social e de aprender a aprender	Competencia cidadá	Competencia emprendedora	Competencia en conciencia e expresión culturais
Nº	Apellidos e nome	Cualificación	Cualificación	Cualificación	Cualificación	Cualificación	Cualificación	Cualificación	Cualificación

1. Cualificación: *Insuficiente: IN, Suficiente: SU, Ben: BE, Notable: NT, Sobresaliente: SB*

Sinaturas do profesorado	Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta
---------------------------------	--

DILIXENCIAS

Observacións



SINATURAS DO PROFESORADO

Titora/Titor

..... dede

Visto e prace
A directora / O director

SELO DO CENTRO

BORRADOR

ACTA DE AVALIACIÓN PARCIAL/FINAL DE MATERIAS PENDENTES EN 2º / 3º / 4º / 1º PDC / 2º PDC CURSO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Centro	Código			
Enderezo	Localidade		Concello	CP
Provincia		Teléfono		

Curso: 2º / 3º / 4º / 1º PDC / 2º PDC	1ª/2ª/3ª AVALIACIÓN / FINAL	Real decreto 243/2022, do 5 de abril, e Decreto 157/2022, do 15 de setembro		
Materias pendentes de 1º / 2º / 3º / 1º PDC		Curso académico:	Data de avaliación:	Nº total alumnado:

Relación alfabética do alumnado		Materias ¹ e cualificacións ²										
Nº	Apelidos e nome	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia	Materia
	
		CUAL										
	
		CUAL										
	
		CUAL										
	
		CUAL										

1. Indicarase o nome da materia ou o ámbito pendente

2. Cualificación (CUAL): *Insuficiente: IN-1, 2, 3 ou 4 / Suficiente: SU-5 / Ben: BE-6 / Notable: NT-7 ou 8 / Sobresaliente: SB-9 ou 10*

Sinaturas do profesorado

Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta.

Dilixencias



Empty rectangular box for additional information.

OBSERVACIÓNS


SINATURAS DO PROFESORADO

Materia:	Materia:	Materia:	Materia:	Materia:
Materia:	Materia:	Materia:	Materia:	Materia:

..... de de

Visto e prace
A directora / O director

SELO DO CENTRO





ANEXO IV

Modelo de expediente académico do alumnado de educación secundaria obrigatoria

EXPEDIENTE ACADÉMICO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA
Real decreto 217/2022, do 29 de marzo e Decreto 156/2022, do 15 de setembro

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Data de apertura do expediente:	Nº de expediente:
---------------------------------	-------------------

Datos persoais da alumna ou do alumno			
Apelidos		Nome	
DOI	Código Xade	Data de nacemento	
Lugar de nacemento	Provincia	País	Nacionalidade
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Nome da persoa responsable 1		Teléfono / Correo electrónico	
Nome da persoa responsable 2		Teléfono / Correo electrónico	

Cambio de enderezo	
Novo enderezo	Teléfono

Datos de escolarización		
Curso académico	Centro	Curso

Traslado de centro	
Con data .../.../..... trasládase ao centro con código	
Concello.....Localidade Provincia Teléfono	
Data de envío do informe persoal por traslado (Centro.....)/...../.....
Data de envío do Historial Académico ao centro ao que se traslada a/o alumna/o (Centro.....)/...../.....
Data de entrega do Historial Académico ás nais, os pais ou as persoas titoras legais da alumna/o (Centro.....)/...../.....



Medidas de atención á diversidade	
MEDIDA	CURSOS
Adaptacións curriculares	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>
Agrupamento flexible	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>
Enriquecemento curricular	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>
Flexibilización do período de escolarización	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>
Reforzo educativo	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>
Outras:.....	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>

Dilixencias ¹

1. De ser o caso, axuntarase ao expediente a certificación que acredite a validación ou a exención de materias.

Observacións

RESULTADOS DA AVALIACIÓN DOS CURSOS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

CURSO: 1º / 2º / 3º / 4º / permanencia no mesmo curso / 1º PDC / 2º PDC		
Código-nome centro	Curso académico 20.....-20....	
Materias / Ámbitos ¹	Cualificación ²	Medidas adoptadas ³
...		
...		
...		
...		

Promociona⁴: Si Non Promoción obrigada.
 Proposta⁵ de incorporación a: PDC FP Grao básico
 Titula⁶: Si Non
 Proposta⁷ de: Permanencia no mesmo curso Incorporación a 2º PDC

- Indicarase o nome da materia ou o ámbito. Se procede, tamén se incluírán as materias ou os ámbitos pendentes.
- Cualificación: *Insuficiente*: IN-1, 2, 3 ou 4 / *Suficiente*: SU-5 / *Ben*: BE-6 / *Notable*: NT-7 ou 8 / *Sobresaliente*: SB-9 ou 10.
- Medidas adoptadas: ACS: *Adaptación curricular* / AF: *Agrupamento flexible* / EC: *Enriquecemento curricular* / RE: *Reforzo educativo*.
- Nos cursos nos que corresponda a decisión de promoción.
- En 2º e 3º curso, de ser o caso.
- En 4º curso e en 2º de PDC.
- No caso de que non titule.

Resultado da avaliación das competencias clave do ...º curso de Educación Secundaria Obligatoria	
Código-nome centro	Curso académico 20.....-20....
Competencia clave	Cualificación ⁸
Competencia en comunicación lingüística (CCL).	
Competencia plurilingüe (CP).	
Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).	
Competencia dixital (CD).	



Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).	
Competencia cidadá (CC).	
Competencia emprendedora (CE).	
Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).	

8. Cualificación: *Insuficiente: IN, Suficiente: SU, Ben: BE, Notable: NT, Sobresaliente: SB*

....., dede

A secretaria / O secretario

Selo do centro

Visto e prace
A directora / O director

.....

.....

Con data .../.../..... a/o alumna/o finalizou neste centro os estudos de educación secundaria obrigatoria e fáiselle entrega do historial académico.

....., dede

A/ O secretaria/o

Selo do centro

Visto e prace da directora/do director

.....

.....

Con data .../.../..... a/o alumna/o finalizou neste centro os estudos de educación secundaria obrigatoria e fáiselle entrega do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

....., dede

A/ O secretaria/o

Selo do centro

Visto e prace da directora/do director

.....

.....



ANEXO V

Modelo de historial académico do alumnado de educación secundaria obrigatoria

HISTORIAL ACADÉMICO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Con data /..... /..... a/o alumna/o incorpórase ás ensinanzas de educación secundaria obrigatoria de acordo co Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo e o Decreto 156/2022, do 15 de setembro.

Datos persoais da alumna ou do alumno			
Apelidos		Nome	
DOI	Código Xade	Data de nacemento	
Lugar de nacemento	Provincia	País	Nacionalidade
Enderezo	Concello	Localidade	C.P.
Nome da persoa responsable 1		Teléfono / Correo electrónico	
Nome da persoa responsable 2		Teléfono / Correo electrónico	

Dilixencias ¹

1. De ser o caso, axuntarase ao expediente a certificación que acredite a validación ou a exención de materias.

Observacións

Datos académicos		
Ano académico no que inicia a educación secundaria obrigatoria		Data matrícula
Código	Nome do centro	Localidade
Concello	Provincia	Teléfono

Datos de escolarización		
Curso académico	Centro	Curso

Medidas de atención á diversidade	
MEDIDA	CURSOS
Adaptacións curriculares	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/>
Agrupamento flexible	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/>
Enriquecemento curricular	1° <input type="checkbox"/> 2° <input type="checkbox"/> 3° <input type="checkbox"/> 4° <input type="checkbox"/>



Flexibilización do período de escolarización	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>
Reforzo educativo	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>
Outras:.....	1º <input type="checkbox"/> 2º <input type="checkbox"/> 3º <input type="checkbox"/> 4º <input type="checkbox"/>

RESULTADOS DA AVALIACIÓN

Resultados da avaliación dos cursos de educación secundaria obrigatoria

1º / 2º / 3º / 4º / permanencia no mesmo curso / 1º PDC / 2º PDC		
Código-nome centro		Curso académico 20....-20....
Materias / Ámbitos ¹	Cualificación ²	Medidas adoptadas ³
...		
...		
...		
...		
Promociona ⁴ : <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Promoción obrigatoria. Proposta ⁵ de incorporación a: <input type="checkbox"/> PDC <input type="checkbox"/> FP Grao básico Titula ⁶ : <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non Proposta ⁷ de: <input type="checkbox"/> Permanencia no mesmo curso <input type="checkbox"/> Incorporación a 2º PDC		

- Indicarase o nome da materia ou o ámbito. Se procede, tamén se incluírán as materias ou os ámbitos pendentes.
- Cualificación: *Insuficiente: IN-1, 2, 3 ou 4 / Suficiente: SU-5 / Ben: BE-6 / Notable: NT-7 ou 8 / Sobresaliente: SB-9 ou 10.*
- Medidas adoptadas: *ACS: Adaptación curricular / AF: Agrupamento flexible / EC: Enriquecemento curricular / RE: Reforzo educativo.*
- Nos cursos nos que corresponda a decisión de promoción.
- En 2º e 3º curso, de ser o caso.
- En 4º curso e en 2º de PDC.
- No caso de que non titule.

Resultado da avaliación das competencias clave do ...º curso de Educación Secundaria Obrigatoria	
Código-nome centro	
Curso académico 20....-20....	
Competencia clave	Cualificación ⁸
Competencia en comunicación lingüística (CCL).	
Competencia plurilingüe (CP).	
Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).	
Competencia dixital (CD).	
Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).	
Competencia cidadá (CC).	
Competencia emprendedora (CE).	
Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).	

8. Cualificación: *Insuficiente: IN, Suficiente: SU, Ben: BE, Notable: NT, Sobresaliente: SB*

....., dede

A secretaria / O secretario

Selo do centro

Visto e prace
A directora / O director

.....

.....



BORRADOR



ANEXO VI

Modelo de informe persoal por traslado de educación secundaria obrigatoria

INFORME PERSOAL POR TRASLADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo e Decreto 156/2022, do 15 de setembro

Código			Centro
Localidade	Concello	C.P.	Enderezo
Teléfono			Provincia

Dona ou Don como titora/titor da/o alumna/o, con DNI....., código Xade e con data de nacemento ...dede, FAGO CONSTAR que durante o presente o ano académico/..... cursa os estudos correspondentes a 1º / 2º / 3º / 4º / 1º PDC / 2º PDC curso de educación secundaria obrigatoria, cos resultados parciais que figuran no cadro que se axunta.

Materias ¹	Cualificacións ¹ e medidas adoptadas ²		
	1ª avaliación	2ª avaliación	3ª avaliación
	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.	CUAL/M.A.
...			
...			
...			
...			
...			

1. Incluiranse as materias/ámbitos pendentes de cursos anteriores

2. Cualificación (CUAL): *Insuficiente: IN-1, 2, 3 ou 4./ Suficiente: SU-5 / Ben: BE-6 / Notable:NT-7 ou 8 / Sobresaliente: SB-9 ou 10*

3. Medidas adoptadas (M.A.): *ACS: Adaptación curricular / AF: Agrupamento flexible / EC: Enriquecemento curricular / RE: Reforzo educativo*

Medidas curriculares e organizativas

Observacións⁴

4. Se procede, indicarse o nome do/s ámbito/s autorizado/s en aplicación do artigo 13 do Decreto 156/2022, do 15 de setembro

..... de de

A titora / O titor

Selo do centro

Visto e prace
A directora / O director



ANEXO VII

Certificación de estudos cursados en educación secundaria obrigatoria

CERTIFICACIÓN DE ESTUDOS CURSADOS EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Dona ou Don como secretaria/o do centro

CERTIFICO:

Que a/o alumna/o..... con DNI..... estivo cursando estudos de educación secundaria obrigatoria dende ode.....de..... ata ode.....de..... obtendo os resultados que se amosan a continuación:

Anos cursados		
Data de inicio da escolaridade na ESO:.....		Data de fin da escolaridade na ESO:.....
Curso académico	Centro	Curso
....
....

Materias cursadas e cualificacións		
Curso: ...º educación secundaria obrigatoria		
Materia ¹	Ano académico	Cualificación ²

1. Indicarase o nome da materia ou o ámbito. cursado

2. Cualificación (CUAL): *Insuficiente: IN-1, 2, 3 ou 4 / Suficiente: SU-5 / Ben: BE-6 / Notable: NT-7 ou 8 / Sobresaliente: SB-9 ou 10*

Resultado da avaliación das competencias clave do ...º curso de Educación Secundaria Obrigatoria	
Competencia clave	Cualificación ³
Competencia en comunicación lingüística (CCL).	
Competencia plurilingüe (CP).	
Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).	
Competencia dixital (CD).	
Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).	
Competencia cidadá (CC).	
Competencia emprendedora (CE).	
Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).	

3. Cualificación: *Insuficiente: IN, Suficiente: SU, Ben: BE, Notable: NT, Sobresaliente: SB*

Observacións



Empty rectangular box for text entry.

..... de

A secretaria / O secretario

Selo do centro

A directora / O director

.....

.....

BORRADOR



ANEXO VIII. Correspondencia entre materias da educación secundaria obrigatoria que cambian de denominación

Materias do Decreto 86/2015, do 25 de xuño	Materias do Decreto 156/2022, do 15 de setembro
Matemáticas orientadas ás ensinanzas Académicas (3º curso)	Matemáticas (3º ESO)
Matemáticas orientadas ás Ensinanzas Aplicadas (3º curso)	
Primeira Lingua Estranxeira	Lingua Estranxeira

BORRADOR



Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela

www.edu.xunta.gal

BORRADOR